

O turismo en España

Importancia do turismo

O turismo é unha forma tradicional de ocio que durante anos soamente foi practicada por unha minoría que gozaba dun poder adquisitivo elevado. No entanto, desde a segunda metade do século XX, o turismo transformouse nun **fenómeno de masas**.

Na etapa de gran crecemento económico que caracterizou as décadas de 1950 e 1960, os sindicatos europeos conseguiron o recoñecemento das vacacións pagas como un dereito laboral. Iso xeneralizou o costume de viaxar cara a lugares cálidos e ao mesmo tempo alcanzables para as economías familiares.

Desde aquela, os desprazamentos ao estranxeiro para facer turismo foron en aumento. O Sur de Europa, e especialmente o litoral mediterráneo, converterónse en destino preferente polo atractivo das súas praias e as súas augas cálidas, os seus baixos prezos e certo atractivo exótico. Este feito vese favorecido polo aumento do nivel de vida, as melloras sociais, a xeneralización das vacacións pagas polas empresas, o avance dos medios e sistemas de transporte que posibilitan os desprazamentos a prezos alcanzables ademais dunha fluída información.

España, unha potencia turística

A grande expansión turística acontecida en España tivo lugar a partir do ano 1960. Baseada nunha oferta de baixos prezos, medrou de xeito espectacular durante máis de dez anos, ata a crise do petróleo e a transición.

Na actualidade, España segue a ser un país cun gran potencial turístico, ao que cada ano chegan millóns de visitantes. Ocupa un lugar destacado entre os cinco primeiros destinos turísticos do mundo, tanto polo número de visitantes que recibe como polo volume de ingresos que estes achegan; por iso o turismo ten unha **grande importancia económica**.

Os turistas gastan en viaxes, aloxamentos, restaurantes, diversións, compras, etc. Ademais, esta actividade permite crear moitos postos de traballo (construción, comercio, hostalaría, restauración e servizos varios) polo que as zonas turísticas concentran un bo número de servizos.

O turismo máis destacado que se realiza no noso país polo volume de turistas é o denominado de sol e praia. Moitas desas viaxes están organizadas por empresas turísticas, compañías aéreas, cadeas hoteleiras e axencias de viaxes ou por **tour operadores**.

Orixe e destino dos visitantes estranxeiros

Os turistas que visitan España proceden na súa maioría doutros países de Europa Occidental, Reino Unido, Alemaña e Francia. Actualmente, tamén comeza a se notar a chegada de turistas procedentes da Europa do Leste e de Rusia. A inmensa maioría destes turistas chegan a España por vía aérea, durante os meses de xullo, agosto e setembro, e fano a través de viaxes organizadas, xa sexa por axencias ou por tour operadores. Con todo, na actualidade e grazas ás facilidades que ofrece a Internet, cada vez é maior o número de persoas que organiza a súa propia viaxe.

Os lugares de destino do turismo que visita España son preferentemente Comunidades do litoral mediterráneo, cuxo principal reclamo é o de **sol e praia**, e a Comunidade de Madrid, que atrae un turismo de tipo urbano e cultural. O resto de Comunidades participan dunha porcentaxe turística discreta, pero crecente.

As boas condicións climáticas dalgúns lugares do noso país, convertéronos en destino elixido por persoas xubiladas de países do Norte de Europa, que fixaron a súa residencia na costa mediterránea, preferentemente na Costa do Sol. Ademais, algúns estranxeiros, grazas ás novas tecnoloxías da información e da comunicación, poden vivir en España e traballar no seu país. Por exemplo, viven en Mallorca e traballan en Alemaña.

O impacto social e económico do turismo

Na España dos anos 60, o turismo contribuíu notablemente á transformación social, xa que levou consigo a chegada de novas modas, costumes e formas de vida que eran propias das sociedades democráticas e avanzadas europeas. Aínda hoxe o turismo é considerado un factor notable de **transmisión de valores, ideas e produtos** que os turistas traen dos seus países de orixe ou que levan consigo logo da súa estada nos lugares de destino.

A contribución, que durante as décadas de 1950 e 1960 tivo o sector turístico para a economía española foi fundamental, xa que o ingreso de divisas axudou ao despegue da economía española. Esta contribución segue a ser moi importante aínda hoxe pola súa alta participación no PIB.

No entanto, mantense o modelo de vacacións masivas e baratas debido, en gran parte, á acción **dos tour operadores** que forzan uns prezos moi baixos pero que son os únicos axentes capaces de recrutar masas de turistas no seu lugar de orixe.

Aínda que España é unha gran potencia turística, unha elevada porcentaxe de empresas do sector están moi atomizadas de forma que máis do 90% se consideran **microempresas**, a maioría das cales se dedican á restauración e contan con poucos empregados. O traballo que se leva a cabo no sector turístico adoita ter unha duradeiñ estacional e moitas das ocupacións considéranse banais, polo que os salarios de camareiros, axudantes de coxina, persoal de limpeza e mantemento de hoteis, etc., adoitan ser moi baixos. Iso explica que ocupen a unha porcentaxe elevada de mulleres e de poboación inmigrante.

Turismo nacional e mobilidade temporal

O aumento do nivel de vida dos españois implicou unha maior mobilidade da poboación, tanto en fins de semana coma en viaxes de vacacións. A xeneralización do uso do automóbil e a mellora das vías de comunicación terrestres (autoestradas e ferrocarril) incrementaron os **desprazamentos de fin de semana**, que foron adquirindo unha gran complexidade:

- Inicialmente, a poboación urbana fuxía da cidade uns días e instalábase en segundas residencias. Os axentes inmobiliarios promoveron rapidamente a venda de edificacións no mar, na montaña ou en lugares de neve, co obxectivo de garantir tranquilidade e silencio a calquera prezo. A **proliferación de segundas residencias** no mundo rural causou na paisaxe grandes impactos, ás veces irreparables, pero tamén elevou o nivel de vida das persoas que viven nesas zonas.
- Outras actividades turísticas que provocan desprazamentos de fin de semana son os deportes de aventura: esquí, golf, turismo cultural, turismo rural ou espectáculos deportivos. Todas estas actividades levan consigo servizos de transporte, hostalaría, restauración, xerencia, mantemento de instalacións, monitores, adestradores, etc., o cal xera postos de traballo.

A miúdo as actividades deportivas e de lecer implántanse estreitamente relacionadas con promocións urbanísticas: xunto a moitas estacións de esquí e campos de golf constrúense urbanizacións residenciais que completan a oferta de ocio, ao mesmo tempo que supoñen unha maior ocupación do territorio.

En canto aos **desprazamentos de vacacións**, os datos estatísticos permiten saber que moitos españois viaxan dentro dos límites da súa Comunidade e áreas limítrofes. As Comunidades Autónomas máis visitadas no ano 2006 foron Andalucía e Cataluña. O turismo español con destino a outros países incrementouse de xeito progresivo pero representa soamente o 7 % das viaxes. Os destinos preferentes son Francia, Portugal, Reino Unido e Italia, aínda que recentemente as liñas aéreas de baixo custo permitiron diversificar os lugares de destino.

O turismo e o seu impacto sobre a paisaxe

A intensa actividade turística que se produciu nos últimos anos ocasionou graves problemas ambientais que inciden de forma especial:

- **Nas zonas da costa.** Existe unha urbanización abusiva do litoral coa construción de **edificacións desordenadas**, xa sexa xunto á praia ou nas abas das montañas máis próximas ao mar. Ademais, a

construción de campos de golf presenta problemas de **subministración de auga**, sobre todo no verán, cando o nivel dos acuíferos é máis baixo. Esta falta de auga, que en moitos casos se resolveu coa perforación de pozos, provocou unha **salificación dos acuíferos**. Ademais tamén xorden problemas de eliminación de residuos e contaminación das augas mariñas.

Doutra banda, a construción de **portos deportivos**, con diques que se internan no mar, altera a dirección das correntes mariñas, que deixaron de depositar area nas praias.

- **Nas zonas de montaña.** O maior impacto ambiental que se deu nas zonas de montaña provocouno a instalación de **estacións de esquí** (construción pistas e remontes, segundas residencias, hoteis, estradas, subministracións enerxéticas, etc.). As devanditas instalacións ocupan zonas destinadas a bosque ou pastos cuxa desaparición provoca moitas alteracións na fauna e mais na vexetación, e propicia a erosión, xa que o solo queda sen vexetal.

Novas políticas para o desenvolvemento do turismo

Actualmente, o sector turístico comeza a amosar algúns cambios: descenso do gasto medio por turista, menor duración das estancias, irrupción das compañías aéreas low cost ou de baixo prezo, contratación de viaxes pola Internet e aparición de novos destinos turísticos competidores, etc.

Ao mesmo tempo, a crise económica actual está a afectar o sector turístico posto que as actividades de lecer son moi sensibles á inestabilidade económica e ao aumento do paro. Todo isto obriga a presentar políticas turísticas orientadas a potenciar os tres tipos principais de turismo que teñen lugar en España:

- **Turismo de sol e praia.** Proponse un plan de mellora da súa calidade coa limitación da construción, a modernización hoteleira e o fomento da calidade ambiental. O saneamento e mais o equipamento das praias fai posible que a Unión Europea lles conceda o recoñecemento de bandeira azul. Tamén diversifica as ofertas de lecer en lugares estivais nun momento en que turismo se amosa máis activo e participativo.
- **Turismo cultural e de cidade.** España é o segundo país do mundo con maior número de conxuntos histórico-artísticos declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Entre eles conta con trece cidades, das cales Santiago de Compostela, Córdoba e Salamanca son as máis visitadas. Tamén a oferta española de museos e coleccións de arte, que atraen un turismo máis selecto, menos estacional e que chega a calquera lugar da xeografía española.
- **Turismo deportivo.** As actividades deportivas, campos de golf, infraestruturas náuticas e estacións de esquí son unha oferta turística á alza. España ocupa o primeiro posto europeo en oferta deportiva de golf (340 campos en 2006) e dispón de infraestruturas náuticas (323 portos deportivos) que fan do turismo de iate e de vela de gran valor económico. Ademais, as estacións de esquí (49, con oferta de aloxamento) atraen moito turismo nacional e en menor medida, estranxeiro.

Turismo en España en 2006

Países de orixe	Turistas (en %)	Gasto total (en %)
Reino Unido	27,8	27,6
Alemaña	17,4	19,0
Francia	15,8	9,2
Italia	5,8	5,4
Países Nórdicos	5,3	7,1
Países Baixos	4,3	4,2
Portugal	3,8	1,9
Bélxica	3,1	2,8
Irlanda	2,6	2,7
Suiza	2,4	2,5
Resto de Europa	5,1	4,5
Estados Unidos	1,6	3,2
Resto do mundo	5,9	9,9



O Algarrobico - Carboneras (Almería)